

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para a realización de charlas de concienciación do programa "Navega con rumbo"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para a realización de actividades de difusión e formación do programa "Navega con rumbo" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-27, isto é o día 31 de agosto de 2027, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para a realización de actividades de difusión e formación do programa "Navega con rumbo".



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Que a Consellería ten encomendadas competencias para contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información nos centros educativos públicos. Así mesmo, é responsable da política de fomento e coordinación para a creación de programas destinados a facilitarlles aos centros docentes públicos os recursos necesarios para o desenvolvemento adecuado de contornas virtuais de dentro dunha estratexia de educación dixital, con accións de formación e difusión cara á comunidade educativa.

Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, insiste, no seu preámbulo, na necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. O desenvolvemento da competencia dixital non supón soamente o dominio dos diferentes dispositivos e aplicacións. O mundo dixital é un novo hábitat no que a infancia e a mocidade viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónanse, consumen, gozan do seu tempo libre. Co obxectivo de que o sistema educativo adopte o lugar que lle corresponde no cambio dixital, inclúese a atención ao



desenvolvemento da competencia dixital dos e das estudantes de todas as etapas educativas, tanto a través de contidos específicos como nunha perspectiva transversal, e facendo fincapé na fenda dixital de xénero.

Que a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías. Neste sentido o programa "Navega con rumbo" está aliñado na promoción do uso responsable das novas tecnoloxías.

Que o Colexio ten entre os seus fins e funcións a regulación do exercicio, promoción e mellora das actividades profesionais que engloban as enxeñerías en informática e o fomento e promoción de actuacións relacionadas con este sector profesional, entre as que se atopan a implantación da sociedade de información e das tecnoloxías da información en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que se inclúe o ámbito educativo.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade sumar os esforzos que realizan para mellorar e maximizar o uso dos recursos educativos dixitais a disposición do sistema educativo galego no marco da Estratexia de Educación Dixital 2030, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

